



Solicitud de aprazamento/ fraccionamento

T80

Solicitante						
NIF/CIF/NIE		Nome e apelidos/Razón social				
Rúa			Núm	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia		Teléfono		
Correo electrónico						
Representante						
NIF/NIE		Nome e apelidos				
Rúa			Núm	Escaleira	Andar	Porta
CP	Municipio	Provincia		Teléfono		
Correo electrónico						
Débedas						
Concepto/s tributario/s	Ano/s	Recibo/s Núm - Expediente Num	Contías	Data/s límite pago voluntario		
Proposta de pago, domiciliación do pago e garantías:						
Marque unha proposta de pago: <input type="checkbox"/> Fraccionamento en _____ prazos, de periodicidade <input type="checkbox"/> mensual <input type="checkbox"/> bimensual e contía _____ <input type="checkbox"/> Fraccionamento de acordo co plan de pagos que se xunta <input type="checkbox"/> Aprazamento ata o día ___ de _____ de 20__ Sinala a garantía: <input type="checkbox"/> Solicita dispensa de garantía, polos seguintes motivos: <input type="checkbox"/> Administración Pública <input type="checkbox"/> Débedas inferiores a 4.500 euros <input type="checkbox"/> Presenta documentación xustificativa para a exención de garantía por tratarse de débedas entre 4.500 e 7.000 euros <input type="checkbox"/> Presenta compromiso de aval ou <input type="checkbox"/> Outras garantías admitidas Indique a conta de domiciliación:						
Conta que se designa		IBAN (número internacional de conta bancaria)				
Documentación:						
A) DÉBEDAS DE PERSOAS FÍSICAS <input type="checkbox"/> Fotocopia da última nómina <input type="checkbox"/> Fotocopia da declaración de IRPF ou certificado da AEAT de non presentar declaración <input type="checkbox"/> Certificado de acreditación de desemprego de ser o caso <input type="checkbox"/> Certificado de acreditación do importe da pensión de ser o caso B) DÉBEDAS DE PERSOAS XURÍDICAS <input type="checkbox"/> Copia da última declaración do imposto de sociedades <input type="checkbox"/> Copia da escritura de constitución da sociedade C) OUTRA DOCUMENTACIÓN <input type="checkbox"/> Documentos que acrediten a representación <input type="checkbox"/> Fundamentación das dificultades de tesourería <input type="checkbox"/> Acreditación da titularidade da conta bancaria D) GARANTÍA Documentación xustificativa para a exención de garantía para débedas entre 4.500 e 7.000 euros: <input type="checkbox"/> Declaración responsable <input type="checkbox"/> Xustificación documental da imposibilidade de obter aval de polo menos tres entidades financeiras <input type="checkbox"/> Xustificación de carecer de bens ou non posuír outros distintos aos ofrecidos <input type="checkbox"/> Compromiso formal e irrevogable da entidade financeira de formalizar aval solidario para o caso en que se conceda o aprazamento ou fraccionamento solicitado para débedas superiores a 7.000 euros Outras garantías admitidas <input type="checkbox"/> Anotación preventiva de embargo <input type="checkbox"/> Retención de pagos ou devolucións <input type="checkbox"/> Indique a garantía:.....						

Santiago de Compostela,

de

de

Registro número:

Expediente número:

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Solicitud de aprazamento/ fraccionamento

T80

PARA CUMPRIMENTAR A SOLICITUDE

INSTRUCCIÓN XERAIS

- A. O impreso pódese cumprimentar a man (con maiúsculas tipo imprenta) ou electrónicamente, enchendo os campos correspondentes.
- B. Presénteo asinado nos Rexistros do Concello de Santiago, nos rexistros da Administración Xeral do Estado, das comunidades autónomas, mediante as formas previstas no artigo 38.4 da *Lei 30/1992 de 26 de novembro*, ou en calquera outra oficina de rexistro establecida nas disposicións vixentes.

INSTRUCCIÓN PARTICULARES

1. **Solicitante:** coincidirá co obrigado ao pagamento e poderá actuar por medio de representante.
2. **Representante:** Os seus datos só se cumprimentan cando se teña designado. A representación deberá acreditarse con poder bastante, mediante documento público ou privado con sinatura lexitimada notarialmente, ou por comparecencia en Recadación.
3. **Débedas:** A solicitude deberá comprender
 - a. para as débedas en período executivo todas as débedas das que sexa obrigado ao pago a persoa ou entidade solicitante,
 - b. para as débedas en período voluntario as débedas que se solicite aprazar ou fraccionar.

Os datos que hai que consignar son os que figuran no documento de pago da liquidación das débedas das que se solicita o aprazamento, para o caso de que non se consignen os datos deberá achegar o documento de pagamento.

4. **Proposta e domiciliación de pago, garantías:** A solicitude deberá comprender
 - a. A proposta de pago
 - b. O modo de garantir o pago ou a súa dispensa. A esixencia de garantías será de acordo ás seguintes regras: Non se esixe garantía se o solicitante é unha administración pública ou se a débeda que se pide aprazar ou fraccionar é inferior a 4.500 euros. Para as débedas superiores a 4.500 euros a ata 7.000 euros, poderase solicitar a exención total ou parcial de garantía mediante a achega de: declaración responsable, xustificación documental da imposibilidade de obter aval de polo menos tres entidades financeiras; xustificación de carecer de bens ou non posuír outros distintos aos ofrecidos. Para as débedas superiores a 7.000 euros será necesaria a prestación de garantía que con carácter xeral consistirá en aval solidario de entidades de depósito agás o disposto nos artigos 28.2.b) e 28.3 da *Ordenanza 0,00 xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e de outros ingresos de dereito público*. Xunto coa solicitude deberá achegarse o compromiso formal e irrevogable da entidade financeira de formalizar o aval se se concede o aprazamento e/ou fraccionamento.
 - c. A conta de domiciliación. Con carácter xeral a concesión require que o solicitante domicilie o pago da débeda ou das sucesivas fraccións, coa advertencia de que o titular da conta debe ser o obrigado ao pagamento e de que a conta debe estar aberta nunha entidade financeira con sucursal no termo municipal.
5. **Documentación:** Xunto coa solicitude deberán achegarse os seguintes documentos:
 - a. Cando se trate de débedas de persoas físicas deberán achegar fotocopia da última nómina e da declaración do IRPF; nos casos de desemprego certificado do organismo competente que acredite dita situación; no caso de pensionistas certificado da Seguridade Social ou organismo competente que acredite o importe.
 - b. Cando se trate de débedas de persoas xurídicas deberán achegar copia da última declaración do imposto de sociedades e da escritura da constitución da sociedade.
 - c. Outra documentación:
 - i. A representación deberá acreditarse como se indica no apartado 2 destas instrucións particulares.
 - ii. Será preciso fundamentar polo solicitante as dificultades de tesourería.
 - iii. Deberá presentar documento que acredite a titularidade da conta bancaria: certificado da entidade financeira ou copia da folia da libreta de aforro na que figura o titular.
 - d. Garantía: Será preciso presentar a documentación en función da proposta de garantía tal e como se explica no punto 4.b anterior.

INFORMACIÓN

- A. O aprazamento ou fraccionamento, concederáse, de ser o caso, con carácter xeral por un período máximo de 12, 18 ou 24 meses conforme as cantidades, períodos e vencementos dispostos no artigo 27.6 da *Ordenanza 0,00 xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e de outros ingresos de dereito público*
- B. As cantidades aprazadas **sempre producen xuros de mora**. Cando a totalidade da débeda aprazada ou fraccionada sexa garantida con aval de crédito solidario en entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou seguro de caución, o xuro de mora esixible será o xuro legal que corresponda ata a data do seu ingreso (artigos 26 e 65.4 da Lei Xeral Tributaria e 53 do Regulamento Xeral de Recadación).
- C. **Non son aprazables** as seguintes débedas:

En período voluntario nos seguintes supostos:

 - As autoliquidacións ou liquidacións que foran fraccionadas conforme ao disposto na ordenanza reguladora do tributo ou ingreso público en cuestión, ou cando se tivera concedido un aprazamento ou fraccionamento previo dos previstos con carácter xenérico pola Administración Municipal
 - As de recibos acollidos ao sistema de pagos especial
 - As de contía inferior a 300 euros
 - As de vencemento periódico e notificación colectiva (recibos de padrón) de importe superior a 300 euros para as que non este habilitado o sistema especial de pago
 - As suspendidas cando recaera sentenza firme en contra
 - As sancións derivadas de infraccións en materia de tráfico

**Solicitud de aprazamento/ fraccionamento****T80**

En período executivo nos seguintes supostos:

- Cando o conxunto das débedas incluídas no expediente executivo teñan un importe inferior a 300 euros
- Cando se trate de recibos ou liquidacións incluídos nun anterior expediente de aprazamento e/ou fraccionamento de débeda o cal, fose obxecto de denegación ou, no caso de ter sido concedido, resultase incumprido por falta de pagamento.
- As suspendidas cando recaera sentenza firme en contra
- Cando no procedemento executivo se teña notificado o acto administrativo polo que se acorda a alleamento dos bens embargados.

TRAMITACIÓN

1. Se a solicitude ou a documentación presentada teñen algún defecto, ou se non se presenta toda a documentación necesaria, concederáselle ao interesado o prazo de dez días para que subsane as deficiencias, advertíndolle que transcorrido ese prazo sen que o faga, archivarase o expediente sen máis trámites.
2. O expediente resólvese cun acordo da Concellaría de Facenda que se lle notifica ao solicitante no seu domicilio. O prazo máximo para resolver o expediente é de seis meses.

NORMATIVA REGULADORA

Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria

Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o regulamento xeral de recadación.

Ordenanza 0,00 xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e de outros ingresos de dereito público.